

# III CERTAME FOTOGRÁFICO DO IES PEDREGAL DE IRIMIA

- 1. Temática:** libre. Para celebrar o noso corenta aniversario queremos que sexas totalmente libre á hora de elixir unha temática para a(s) túa(s) fotografía(s).
- 2. Categorías:**
  - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (5º e 6º de E. Primaria dos CEIP Avelino Díaz de Meira e Rosalía de Castro de Pol).
  - ❖ CATEGORÍA XUVENIL 1 (1º, 2º e 3º da ESO do IES Pedregal de Irimia).
  - ❖ CATEGORÍA XUVENIL 2 (4º da ESO, 1º e 2º de BAC do IES Pedregal de Irimia).
  - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (ex-alumn@s, ex-traballadores/as do centro e familiares, veciñ@s, amig@s do actual alumnado).
- 3. Obras:** Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, sendo estas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso. Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso. As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade.
- 4. Características técnicas:** As obras poderán ter un formato e tamaño libre (feitas con cámara de fotos, táblet, teléfono móbil...). Ademais deberán achegarse en soporte informático en formato JPEG ou TIFF, a unha resolución de 300 ppp e en RGB. O nome do arquivo será o mesmo que o título da obra.
- 5. Premio especial 40º aniversario:** Nesta edición haberá un premio para a mellor fotografía histórica relacionada co IES Pedregal de Irimia (antes, Instituto de Meira). Teñen que estar sacadas ou ben nas instalacións do centro (nas actuais ou nas anteriores –casa do concello, casas particulares...-) ou nalgunha actividade organizada polo instituto (excursións...). As fotografías entregadas dentro deste premio teñen que estar dixitalizadas co formato JPEG ou TIFF, a unha resolución de 300 ppp. Dentro desta modalidade poderanse presentar un máximo de tres fotografías (a parte das do certame convencional) por persoa e competirán todas as categorías xuntas.
- 6. Presentación:** Entregaranse ao correo electrónico: [bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com](mailto:bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com). No asunto do correo poñerase: “III Certame de fotografía do IES Pedregal de Irimia” e no corpo ten que indicarse a categoría na que se participa, se participa no premio especial do 40º aniversario, o título do traballo, o nome e apelidos e un teléfono de contacto. A

maiores, se o participante é alumno/a ten que indicar o curso no que está matriculado, se é ex-alumn@ ou ex-traballador/a ten que indicar o grao de relación que tivo co centro (alumno/a, profesor/a, limpador/a...) e o ano no que abandonou o IES Pedregal de Irimia e de tratarse dalgún coñecido do alumnado actual o nome do alumno/a e o grao de relación (nai, avó, madriña, amigo...) con el/a. Neste correo achegarase a obra (ou obras) no formato comentado anteriormente. O/a responsábel da biblioteca actuará como secretario/a do certame (sen voto) facilitándolles aos membros do xurado as obras e custodiando a identidade dos participantes ata a resolución dos/as gañadores/as.

- 7. Prazo:** o prazo de entrega rematará o día 14 de abril de 2023.
- 8. Premios:** en cada categoría establécese un único premio, podendo outorgar algún accésit se o xurado o considerara necesario. Cada premio consistirá nun agasallo conmemorativo, un lote de libros e o correspondente diploma acreditativo. Os traballos premiados serán publicados na revista Latexos nº 30.
- 9. Xurado:** estará composto por:
  - ❖ O director do IES Pedregal de Irimia (ou persoa en quen delegue).
  - ❖ A xefa do departamento de EPV do IES Pedregal de Irimia.
  - ❖ O responsábel do EDL do IES Pedregal de Irimia.
  - ❖ A responsábel da biblioteca, que exercerá de secretaria do xurado, con voz pero sen voto.
- 10. Entrega de premios:** a cerimonia de entrega de premios realizarase, previsibelmente, arredor do día das Letras Galegas.
- 11. Outros:** A presentación de traballos ao certame supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. Coas obras presentadas poderase facer unha exposición nas instalacións do centro educativo. O IES Pedregal de Irimia resérvase os dereitos de publicación das obras premiadas. Se o autor/a publica as fotografías noutro medio terá que indicar que foron premiadas no presente certame.

**ORGANIZA: IES PEDREGAL DE IRIMIA**



**COLABORAN: CONCELLO DE MEIRA, ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DE LUGO, CEIP AVELINO DÍAZ DE MEIRA E CEIP ROSALÍA DE CASTRO**